

## **SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

### **PERMANENTES DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de abril de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

#### **A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.**

Asistentes:

- Presidente: Don José Venancio Salcines Cristal, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor, e por delegación do Sr. alcalde.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que o Sr. alcalde incorpórase á sesión cando son as vinte horas e vinte e cinco minutos, asumindo a presidencia da comisión.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Isabel Mª Fuentes Torices, interventora accidental.

#### **B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.**

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR,**

**FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

**1º Proposta de troco plan de investimentos do exercicio 2005 respecto da obra “terreos praia Santa María de Vigo”**

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 20 de abril actual, e exposto o asunto por don José Venancio Salcines Cristal.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Vota a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, vota en contra o concelleiro do GM (PG), e abstéñense o concelleiro do PP, o concelleiro do BNG e o concelleiro de EU-IU.

A comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Cambiar a finalidade do investimento recollido na partida 452.6000090, dentro do proxecto “2005-2-452002” “Terreos praia Sta. María de Vigo” por importe de 30.000,00 euros, deixando por iso sen executar a antedita actuación e destinar este crédito á adquisición da parcela lindeira coa unidade de execución número 11, para poder completar a parcela de equipamento municipal destinada á construción dun novo centro de saúde, recollido na partida “412.620 Terreos edificios de Sanidade”.

## **2º Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito número 1/2009**

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 27 de abril actual cuxa parte dispositiva se transcribe a seguir:

“Aprobar o expediente número 1/2009 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2009 por importe de 53.835,96 euros a prol de EPTISA, adxudicataria da redacción do Plan xeral de ordenación municipal polos traballos de elaboración do Documento de Inicio do dito Plan xeral, de elaboración do informe sobre a Vía Ártabra e polos traballos de asesoría urbanística sobre a modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de CEINSA, imprantación dun parque comercial en Catro Camiños, modificación puntual do Polígono industrial do Espírito Santo e sobre o trazado do AVE, correspondentes ás seguintes facturas:

<b>Núm. Factura</b>	<b>Data</b>	<b>NIF/CIF</b>	<b>Nome/Denominación Social</b>	<b>Importe</b>
EO653751	30/12/2006	A-81920084	EPTISA	35.641,02 (importe parcial do total de 58.000 euros da factura)
EO950218	20/04/2009	A-81620084	EPTISA	17.679,16
			<b>Total</b>	53.320,18

Aberto debate, don José Venancio Salcines Cristal expón que se trata de pagar uns traballos que si foron solicitados a EPTISA, polo que propoñen ao pleno recoñecer as obrigas das cales, unhas están vinculadas ao Plan xeral, e outras se corresponden con traballos paralelos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que o seu grupo vai formular unha proposta intermedia, e se non están de acordo, votarán en contra.

Segue dicindo que hai un informe do arquitecto municipal que avalia a valoración dunha das facturas, polo que están de acordo en aboar a EPTISA esa cantidade, e liquidala.

En canto ás demais facturas, non hai ningún informe técnico que avalie eses traballos, e non consta que os ditos traballos teñan sido entregados no concello, non foron rexistrados de entrada, polo que a proposta do BNG é votar só a prol da factura do estudo de sostenibilidade ambiental, e se non é así, o seu grupo votará en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, cre que esa é a postura que se adoptou na Xunta de Voceiros, non poden admitir facturas onde non haxa ningún tipo de xustificación.

Don José Venancio Salcines Cristal manifesta que é un tema que o levou o alcalde.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que o seu grupo está de acordo con que se modifique a proposta, e se someta a votación pagar os 16.693 euros que aparecen valorados polo arquitecto municipal, por traballos dependentes do Plan xeral.

Faise constar que sendo as 20 horas e vinte e cinco minutos incorpórase á sesión o Sr. alcalde, que asume a presidencia da comisión informativa.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que se se modifica a proposta, está a prol.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, lembra que eles xa propuxeran que se aboaran só os traballos relacionados co Plan xeral.

O Sr. alcalde contesta que o problema é que se encargaron os traballos, poñen unha valoración, pero neste momento está por decidir. Hai un informe do arquitecto municipal en canto aos traballos relacionados co Plan xeral, e non hai informes de valoración en canto ao tema da Vía Ártabra, etc., e por iso deberían xustificalo como xexa.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo propón que se modifique a proposta segundo quedou exposto anteriormente.

O Sr. alcalde modifica a proposta que queda redactada do seguinte teor literal:

“Aprobar o expediente número 1/2009 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2009 por importe de 16.693,00 euros a prol de EPTISA, polos traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, engadidos á elaboración do Documento de inicio do citado Plan xeral.”

A comisión, en votación ordinaria, e por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

“Aprobar o expediente número 1/2009 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2009 por importe de 16.693,00 euros a prol de EPTISA, polos traballos de elaboración do estudo de sostenibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, engadidos á elaboración do Documento de inicio do citado Plan xeral.”

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, pregunta polos traballos que, segundo o Sr. alcalde, se encomendaron a EPTISA.

O Sr. alcalde contesta que a modificación do Polígono industrial era ver se se trasladaba a fábrica de armas a Cambre. Fíxose un estudo onde as parcelas niño quedaban en agrupacións entre 6.000 e 10.000 m<sup>2</sup>.

Outro tema era porque no se día viñeron unhas empresas para ver onde se pensaba ampliar o polígono, e déuselles información.

En canto aos proxectos de urbanización da zona norte do polígono e o tema da área comercial, era unha proposta dun equipo que viño aquí, e fixéronse xestións.

En canto ao tema da Vía Ártabra, encargouno don Andrés R. López Arcay.

Conclúe dicindo que a EPTISA se lle dixo que xustificaran eses traballos, e entón o lóxico é que o xustifiquen.

Don Nicolás José Cubeiro contesta que as parcelas pequenas véndense máis caras que as grandes, aquí non se diferenciou o público do privado, e o Concello de Cambre non debeu implicarse niso.

### **3º Orzamentos xerais para o exercicio 2009**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de abril de 2009.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego, expón que no orzamento inténtanse marcar as liñas de gasto do concello, aínda que este non é o único documento de gasto, pois despois está a xestión do remanente, etc.

Segue dicindo que é en emprego, educación e desenvolvemento municipal onde se marcan as ambicións do goberno.

Así, mellórase a cuberta do pavillón do Temple, adecúase a pista descuberta do Graxal, páganse as expropiacións pola travesía do cemiterio, adquírese un terreo na parroquia de Cela, mellórase a zona de Cecebre, renóvase o firme en Cela, Canal, etc.

Afiánzase a política de emprego, pois recóllense dúas propostas de EU-IU, e unha delas é a creación dun obradoiro de emprego, a outra é respectar a moción de creación de emprego do concello. Tamén se acepta a proposta do PP e anunciada polo BNG de adquirir o terreo para o colexio da Barcala. É dicir, recolléronse as achegas dos grupos políticos municipais.

Engade que se recorreu a unha redución drástica do gasto corrente, pois os ingresos se reducen, sobre todo os que proveñen do sector inmobiliario. Conxéllase e redúcese todo o posible. Reducíronse 71 partidas e conxeláronse outras 65, e creceron unicamente 61 partidas con 581.000 € A redución do gasto é de 490.000 €

As partidas máis importantes que aumentaron son as de servizo de axuda a domicilio, o programa mañanceiro, o convenio coas Anpas, a reparación da rede de abastecemento, a escola de música, a animación á lectura e o Consorcio As Mariñas, o resto das partidas aumentaron dunha forma simbólica.

Conclúe dicindo que é complicado facer unha redución máis alta e lembra que Cambre é dos poucos concellos que non ten un remanente negativo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que non van a entrar na lexitimidade e moralidade de chegar a calquera tipo de acordo con base ao interese xeral, pois eles anunciaron que había un acordo co PP. Tamén hai aceptación de propostas de EU-IU, pero pensan que unha situación como a de Cambre debería obrigar a quen goberna a un esforzo superior para obter un apoio maioritario. Non hai fondos para todo, e para iso está a política, para enfocar cara onde se vai.

Segue dicindo que o BNG formula a mesma proposta que fixo na comisión informativa anterior á que se trouxo o orzamento, propón que fagan un esforzo maior para que o orzamento teña máis apoio, que se recollan as orientacións de gasto e ingreso que foron aprobadas, e que se recolla a opinión e a sensibilidade de todos os grupos.

Propoñen que se deixe o asunto sobre a mesa, co compromiso de, nun prazo curto, sacar os mellores orzamentos para Cambre. En caso contrario, eles estiman que son uns orzamentos pouco imaxinativos e non abordan todos os temas que deberían abordar, sobre todo botan en falta unha estratexia de xestión económica de goberno coa que puideran estar satisfeitos. Pide que se reconsidere, e dar un prazo, se non, o seu grupo vota en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, expón que, en canto ao aspecto político do orzamento, teñen bastantes obxeccións, pois non se recollen as iniciativas ás que aludía o Sr. concelleiro de Facenda e que presentou EU-IU. En canto a que Cambre non ten un remanente negativo, queren saber canto hai en remanente de Tesourería, que se aprobe a liquidación, pois nestes momentos non se fían de nada.

Conclúe dicindo que van a votar en contra, pois o remanente de Tesourería non vai a dar para todo e, ademais, terá que vir a pleno e é imprescindible.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que vota en contra, pois bota en falta algunhas partidas que deberían estar incluídas, e non está de acordo tampouco co BNG en deixar sobre a mesa o tema dos orzamentos, teñen que ser máis serios, e cando se convoca un pleno hai que traelo motivado e estudado. Non hai que retiralo, pois sería rirse de todos, se teñen a garantía de aprobalo que o saquen adiante.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, contesta que presentarán o orzamento ao pleno.

En canto ás propostas do BNG, cren que si recolleron as máis importantes. Hai outras que non se poden recoller, como por exemplo o tema da escola-taller, pois para solicitala teñen que ter o elemento principal, o edificio. A día de hoxe teñen un acordo de palabra de cesión de uso dun edificio en Pravio. Non se pode solicitar o obradoiro de emprego sen ter o inmovible, é unha cuestión técnica.

En cooperación pediuse máis dun millón e pico de euros para o emprego. O cambio de goberno deixa unha incógnita, pero solicitouse, non obstante, non ten obxecto consignar agora cantidade ningunha, é mellor agardar a saber canto van a dar, por iso non se pode recoller agora as propostas de EU-IU.

En canto a don Manuel Marante Gómez, di que o seu discurso é coherente co doutras veces.

O Sr. presidente dá por concluído o debate e somete a votación ordinaria os orzamentos xerais para o exercicio 2009. Vota a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, votan en contra o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstense o concelleiro do PP, polo que o resultado, en aplicación do voto ponderado, é de sete votos a prol, sete votos en contra e sete abstencións, decidindo o voto de calidade do Sr. presidente.

A comisión, por un voto a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2009, que ascende a un importe de 15.993.207,62 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	<u>TOTAL</u>
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	4.620.760,81	1 GASTOS DE PERSOAL	5.675.550,92
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	585.000,00	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	6.102.186,00
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.736.100,11	3 GASTOS FINANCEIROS	253.152,91
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.228.748,27	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.056.093,07
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	132.927,23		
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>14.303.536,42</b>	<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>13.086.982,9</b>
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	2.138.948,94
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.051.708,28	7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	129.312,86
8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22	8 ACTIVOS FINANCEIROS	10.217,22
9 PASIVOS FINANCEIROS	627.745,70	9 PASIVOS FINANCEIROS	627.745,70
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>1.689.671,2</b>	<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>2.906.224,72</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>15.993.207,62</b>	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>15.993.207,62</b>

Segundo: Aprobar as bases de execución do Orzamento para 2009.

Terceiro: Anular as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, ao estar incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento:

1.- Expediente de xeración de crédito número 1/2009. Importe: 60.000,00 euros.  
Motivo: Compromiso achega da Deputación Provincial obra de iluminación campo de fútbol de Lendoiro- A Barcala.

2.- Expediente de transferencia de crédito número 1/2009. Importe: 9.100,00 euros.  
Motivo: Habilitar crédito suficiente para cobertura interina praza.

3.- Expediente de crédito extraordinario número 1/2009. Importe: 6.000,00 euros.  
Motivo: Habilitar crédito suficiente para actividades do “Banco de tempo”.

Cuarto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o 2009.

#### **4º Cadro de persoal**

Vista a proposta de Alcaldía de data 3 de abril de 2009.

O Sr. alcalde expón que hai unha proposta da concelleira de Servizos Sociais de data de hoxe na que solicita a reconversión da actual praza de técnico de integración social por unha praza de educador social, co obxecto de dar continuidade ao programa de educación familiar e outras funcións máis amplas que as de técnico de integración social.

Non obstante, e dado que non existe informe técnico do departamento de Persoal, o Sr. alcalde mantén a proposta que se trae á comisión, deixando a proposta de Servizos Sociais para o pleno como voto particular, se procede.

Sometida a proposta de Alcaldía a votación ordinaria, votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG)

A comisión, por tres votos a prol, en aplicación do voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Modificar o cadro de persoal aprobado polo pleno da corporación en sesión extraordinaria de data 13 de agosto de 2008, en canto ás prazas que a continuación se relacionan:

- Funcionarios: Reconverter unha praza de policía local nunha de oficial de policía local
- Persoal eventual: Reconverter a praza de asesor/a de comunicacións nunha de secretaría de grupo de goberno

Segundo: Aprobar o cadro de persoal que se achega como Anexo I ao presente acordo.

### **5º Catálogo de postos de traballo**

Vista a proposta de Alcaldía de data 3 de abril de 2009.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, expón que traen á comisión a situación de dúas funcionarias que merecen un aumento retributivo, refírese ao traballo de Isabel Fuentes e Fernanda Montero. Estas dúas funcionarias están en clara discriminación con outros compañeiros que teñen nivel 26. Xa había un acordo histórico para revisar o nivel das ditas funcionarias, así como doutros empregados e a uns se lles revisou e a outros non.

Segue dicindo que son os dous únicos casos que están realizando funcións que non son as súas, así, por exemplo, Isabel está facendo agora funcións de interventora, e tamén Fernanda en Secretaría, e o seu grupo salarial está moi por debaixo das retribucións destes postos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que hai informes de Intervención e Secretaría que son contrarios non a que se faga o que se pretende, senón á forma correcta de facelo, e sobre todo se se ven arrastrando dende o 2003. Estes casos non se deben de facer de forma dixital, a uns sí e a outros non, polo que propón ao Sr. alcalde que leve a cabo a valoración de todos os postos de traballo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, expón que isto é a demostración de como se levan as políticas de persoal.

Lembra que no ano 2000-2001 se pagou unha morea de diñeiro por un estudo de valoración de postos de traballo. Tamén ao finalizar a pasada lexislatura se contratou a unha empresa externa, e parece que todo o mundo está na idea de que é necesario facer unha proposta consensuada e aprobada por todas as forzas políticas e polos traballadores, por iso, ao igual que antes co orzamento, e incluso neste caso cunha idea máis de futuro, parécelles que non pasaría nada por comprometerse a facer un esforzo, e no tempo máis breve posible, xuntar a documentación existente e tomar unha decisión que sirva a todos, e que sirva o mesmo a

quen estea no goberno que a quen estea na oposición, e que se termine con ese parche constante que non só non soluciona problemas, senón que os causa.

Conclúe dicindo que están dispostos a traballar e poñer empeño en sacar unha proposta na que estean de acordo a maioría dos políticos e dos traballadores. Deixalo un pouco máis despois de tantos anos cre que non causa prexuízo, e a decisión sería máis xusta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que existen tres informes dos departamentos que aconsellan facer unha revisión xeneralizada, e coinciden niso, xa o dixeron tamén o ano pasado, non queren inxustizas.

Non obstante, tamén é certo que dende o 2003 estas funcionarias veñen solicitándoo, e así o aprobaron nunha mesa de negociación este ano, e fastídalles desvirtuar as decisións das mesas de negociación. Están de acordo en que se suba a estas funcionarias, pero tamén pide que se faga unha revisión xeneralizada, polo que se van a abster neste punto.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que é xusto recoñecer o traballo das funcionarias, e levan seis anos agardando. Tamén sabe que hai outros funcionarios que están na mesma situación, e cre que se lles debería recoñecer o que se presenta tal como está e convocar a mesa de negociación para os funcionarios que están no mesmo caso. Cre que se debe resolver o problema. Se se falou no 2003, levan 6 anos agardando, e do que se di ao que se fai hai diferenza.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense o concelleiro do PP, o concelleiro do BNG, e o concelleiro de EU-IU.

A comisión, por dous votos a prol, en aplicación do voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Modificar a relación de postos de traballo aprobada no pleno da corporación, en sesión extraordinaria de data 13 de agosto de 2008, segundo se transcribe a continuación:

a) Modificación do complemento de destino dos seguintes postos:

Posto	C.D. ACTUAL	C.D. PROPOSTO
Técnica de xestión de administración xeral (responsable de contratación)	24	26
Técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade	24	26

b) Modificación do complemento específico dos seguintes postos:

Posto	C.E. ACTUAL	C.E. PROPOSTO
Técnica de xestión de administración xeral (responsable de contratación)	10.909,51	15.460,72
Técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade	10.909,51	15.460,72

c) Reconverter un posto de traballo vacante de policía local nun de oficial.

d) Reconverter un posto de traballo de persoal eventual de asesor/a de comunicación nun de secretaria de grupo de goberno.

Segundo: Recoller e aporbar as fichas e a relación de postos de traballo para 2009, que se achegan como anexo I ao presente acordo.

#### **6º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO**

#### **AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

#### **1º Rogos e preguntas**

##### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5047 o 25 de abril actual, xunto coas preguntas para as demais comisións.

1ª Rematada a polémica reforma da praza Manuel Murguía, observamos o indiscriminado aparcadoiro onde antes eran beirarrúas, complicando a circulación dos peóns polo mencionado espazo.

Ante esta situación, o noso grupo realiza a seguinte pregunta:

- Ten o grupo de goberno coñecemento da situación?
- Que medidas ten pensado adoptar para intentar arranxar o dito problema?

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que para reparar a calzada do paso peonil falta poñer uns bolardos. Serán extraíbles.

2<sup>a</sup> Pode informarnos o goberno local da situación do proxecto de travesía na estrada do cemiterio de Cambre?

O Sr. alcalde contesta que está feito o proxecto, a relación de propietarios e a valoración. No orzamento van os 180.000 € que se precisan, e se se aproba o orzamento darase traslado aos veciños e exporase ao público, en caso contrario, correrase o risco de perder o diñeiro do POS.

3<sup>a</sup> Xa noutra ocasión o noso grupo solicitaba que no centro da vila se colocara un sinal onde indicara as instalacións deportivas do complexo Dani Mallo.

- Cales foron os motivos para non instalar e sinalizar as infraestruturas deportivas municipais?

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos contesta que agardan a encargalo xa co novo escudo do concello.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,**

## **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

### **1º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro**

Dada conta da proposta conxunta da concelleira delegada da área de Cultura e Turismo e do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 20 de abril actual.

Concedida a palabra a dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, expón que son as mesmas de anos anteriores con pequenas matizacións. As asociacións terán unha valoración específica cando colaboren co concello nos festexos. Vaise a esixir que cando fagan actividades subvencionadas polo concello, figure en lugar ben visible o novo escudo do concello.

Conclúe dicindo que o ano pasado había 49.000 € e non se puideron repartir máis que 42.000 € pois non se solicitaron máis, por iso se rebaixou este ano.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstense a concelleira do PP.

A comisión, por catro votos a prol, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2009, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro municipal a publicación destas bases.

## **2º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre durante 2009**

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 20 de abril actual.

Don Jaime Manuel López Lisnier expón que son como as do ano pasado, recóllense as mesmas condicións, con catro anos de permanencia no concello.

Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU, pregunta se a contía máxima da axuda é igual que o ano pasado.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que si.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, o concelleiro do PP, o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2009, que se achegan como anexo I.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2009, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tiraxe da provincia.

### **3º Rogos e preguntas**

#### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 5047 o 25 de abril actual, xunto coas preguntas para as demais comisións.

1ª Ao longo do curso pasado a Asociación de veciños do Temple ofertou unha actividade deportiva para nenos/as da dita parroquia, a actividade desenvolvíase nun local cedido polo concello para tal fin sito na rúa Pígara.

Con esta actividade ademais de fomentar o deporte e a vida saúdale, pretendíanse outros obxectivos cun claro carácter socializador, e integrador.

Estas clases permitían a nenos/as que por diversos motivos (como estar escolarizados fóra do concello) non tiñan a posibilidade de realizar actividades deportivas conxuntas aumentando e reforzando as relacións con outros nenos/as do seu contorno.

Este feito, sen dúbida favorecía o encontro e a amizade entre eles.

Durante este proceso xurdiron algúns problemas con certas empresas que non estaban moi de acordo coa actividade, xa que a consideraban prexudicial para o seu negocio. Só recordar que un dos labores máis importante dos entes e organismos públicos é fomentar a vida sá e o deporte sen prexuízo de empresas privadas.

No presente ano voltaron a solicitar o local para seguir coa dita actividade, pero desta volta a concelleira responsable decidiu desaconsellar o uso do dito local por non esta acondicionado para a dita actividade e denegar o seu paso para a súa realización.

A asociación veciñal, estando de acordo, reclamou que o concello facilitaralle outro, feito que ata o día de hoxe non se produciu.

Ante esta situación o noso grupo municipal pregunta:

- Cal foi o motivo polo que o concello decidiu que non estaba acondicionado o local para a realización da dita actividade?

- Que solucións propón o grupo de goberno para que esta asociación e os seus rapaces poidan seguir gozando da dita actividade?

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo, contesta que ten unha traxectoria dun ano. Ela non é a responsable, pois é o Sr. alcalde, pero nese momento tratou ela coa asociación. Solicitaron un local e é o de Pígara, que compartían coa Asociación de Mulleres do Graxal. A medio ano houbo unha negociación cos ximnasiaos, que dicían que os estaban prexudicando.

Díxoselles que negociaran co ximnasio e que pediran subvención ao concello, e non pediron subvención, dixeron que querían seguir na rúa Pígara. Agora veñen a consultar que vai a pasar o próximo ano, e ela díxolles que non é o local idóneo. Eles están de acordo, e pódeseles ofertar unha polideportiva, pero na do Temple está saturada e o horario de que dispoñen non lles gusta, polo que están niso.

Segue dicindo que o lugar ideal é un ximnasio, porque onde están teñen un serio perigo, hai columnas, etc.

Conclúe dicindo que a maioría dos nenos non son de Cambre, son de Oleiros e limítrofes.

Don Juan Antonio Fernández López contesta que quen é un ximnasio para vulgar. Parécelle alucinante que unha empresa privada veña ao concello a criticar que se estaba facendo unha competencia desleal.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que non é así. Ofertábanlles un prezo conveniente e que foran alí. Foi unha conversación amistosa. Quedouse pendente para ver o horario da polideportiva, porque co horario do sábado pola mañá non están de acordo, porque ao mellor o profesor non está.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes conclúe que para facer unha actividade como esa nun local reducido é perigoso. Tiveron unha oferta por parte de ximnasios onde se lles deu un prezo reducido. O concello non lles negou o local, ofrecéronlles o polideportivo do Temple pero non coinciden os horarios.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e dúas horas, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de  
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e  
Promoción Económica  
P.D.

José Venancio Salcines Cristal

Presidente da Comisión Informativa de  
Ordenación do Territorio, Medio  
Ambiente, Obras e Servizos

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de  
Educación, Benestar Social, Cultura,  
Normalización Lingüística e  
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia